

EMPEZAMOS!

**Queridas abellas**

Todos sabemos que as abellas son un exemplo de sociedade ben organizada, todas cooperan, producen mel e cera e son fundamentais na polinización. Porén, poucos coñecen a relación íntima destes insectos cos seres humanos cos que colaboran.

En setembro de 2022 morreu Isabel II de Inglaterra. Tras o seu falecemento, o encargado das abellas da raíña foi ás colmeas para comunicarlles o falecemento da raíña. Esta sorprendente tradición é moi antiga e practícanse non só en Inglaterra, senón tamén en moitos lugares do mundo. As abellas considéranse parte da familia, por iso se lles comunica a morte dos seus membros e se lles presenta os novos coidadores. As abellas cooperaron co ser humano desde as súas orixes. Tan importantes son as abellas para a vida humana que a ONU lles dedicou un día.

- Cres que é importante a cooperación nas sociedades? Explica a túa resposta.
- Visitaches algunha vez unha granxa? Como é a relación entre as persoas e os animais nese contexto? Había colmeas?



VAMOS APRENDER!

1

Vínculos cos demais

Todos os grupos humanos organizan a súa convivencia, a Igrexa tamén.

2

Vínculos coa natureza

A Terra é un organismo vivo onde existen interdependencias que non deben danar os humanos.

3

Vínculos con Deus

Israel organizouse de distintas maneiras na súa historia. Xesús viveas e dá alternativas.

4

Vínculos cun mesmo

É responsabilidade de cada persoa a organización democrática da nosa sociedade.

5

Cidadanía

Existen moitas formas de participar na vida pública.

O NOSO RETO

Coñecer as estruturas organizativas

Calquera grupo social: país, municipio, parroquia, instituto... ten a súa organización interna. Para poder participar neles necesitas coñecela. Sabes analizar unha organización?

